

CARLOS CASARES



Carlos Casares Mouriño naceu no ano 1941 en Ourense, cidade que deixaría unha fonda pegada na súa obra. Estudou Filosofía e Letras en Santiago de Compostela. Exerceu a docencia desde 1969, en Viana do Bolo, Bilbao, Cangas do Morrazo e Vigo. Nesta cidade faleceu o 9 de marzo de 2002.

Comezou a súa carreira literaria moi novo, pois en 1965 publicaba os seus primeiros relatos na revista *Grial*. É xa tradición entre a crítica falar de dúas etapas na produción narrativa de Carlos Casares. Unha primeira, caracterizada no plano temático pola ambientación das obras no período franquista e a utilización de elementos autobiográficos, e no plano formal polo emprego de técnicas narrativas innovadoras (monólogo interior, ruptura temporal...). Debido a isto último algúns estudosos encadran a súa obra dentro da denominada Nova Narrativa, aínda que Casares non parecía gustar desta adscrición. As obras máis representativas deste período son *Vento ferido*

(1967), que é un conxunto de doce relatos, e a novela *Cambio en tres* (1969).

En 1975 publicou *Xoguetes pra un tempo prohibido*, novela pola que recibiu o premio Galaxia e mais o Premio da Crítica española. Esta obra, que reflicte a infancia e a adolescencia dos protagonistas na España franquista da posguerra, cerra a primeira etapa da súa produción e marca a transición á seguinte. Na segunda etapa, Casares abandona o experimentalismo formal e recupera formas tradicionais de contar, ao tempo que elimina as pegadas autobiográficas. Nas primeiras obras desta etapa recrea, tinxidos de humor e ironía, períodos históricos máis recuados no tempo: *Os escuros soños de Clío* (1979, Premio da Crítica galega) e a deliciosa noveliña *Ilustrísima* (1980). Porén, nas súas últimas novelas, Casares volve sobre a nosa historia recente, sobre o ambiente das vilas galegas na guerra e na posguerra: *Os mortos daquel verán* (1987) e *Deus sentado nun sillón azul* (1996). Como narrador ocupa un lugar indiscutíbel na historia da literatura galega.

Ademais da súa condición de novelista, Casares cultivou a literatura para nenos con obras como *A galiña azul* (1968) ou a pección dramática *As laranxas máis laranxas de todas as laranxas* (1973, Premio "O Facho"). Tamén hai que salientar o seu papel como biógrafo de Ramón Otero Pedrayo, Manuel Curros Enriquez, Ramón Piñeiro, Vicente Risco, Ánxel Fole... e como derradeira biografía doutro literato, a do Padre Sarmiento. Do seu labor

como ensaísta podemos citar *Hemingway en Galicia* (1999) ou *Un país de palabras* (1998). A Xunta de Galicia recoñeceu o seu enorme labor concedéndolle, en 1989, o premio á creación cultural.

Colaborador habitual, durante catorce anos, da prensa coa columna "A marxe", en *La Voz de Galicia*, Casares recibiu tamén os premios de xornalismo "Fernández-Latorre", en 1983, e o "Julio Camba", en 1995. Algúns destes artigos foron recompilados no volume *Na marxe de cada día* (1994).

Ingresou na Real Academia Galega en 1978, foi deputado polo PsdeG-PSOE en 1981, dirixiu a Editorial Galaxia, a revista *Grial*, e presidiu o Consello da Cultura Galega desde 1996.

Ao seu pasamento, adicouselle en Cangas o nome da rúa onde el viviu nos anos en que exerceu como profesor de Lingua e Litaratura, no Instituto de E. Secundaria desta Vila.

